

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 13 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan no ano 2008.

O sector equino é un dos sectores gandeiros con máis importancia histórica en Galicia. Ata mediados do século pasado, o seu papel como forza de transporte e traballo foi insustituíble, e o resto dos seus produtos tiñan a relevancia suficiente como para seren incluídos dentro da contabilidade agraria. Non obstante, a rápida substitución do equino como ferramenta de traballo debido aos avances tecnolóxicos, levou a unha importante regresión desta produción gandeira.

A pesar desta evolución histórica, o gando equino segue a ter un destacado papel no sector gandeiro galego, tanto polo seu censo, como por ser capaz de aproveitar directamente recursos naturais fóra do alcance doutras producións gandeiras. Precisamente esta capacidade levou á xeneralización en Galicia dun sistema de crianza peculiar consistente na explotación en extensivo e completa liberdade. Este sistema de cría desenvólvese maioritariamente sobre a base territorial dos montes xestionados polas comunidades de montes veciñais en man común (CCMMVVMC), que representan practicamente un terzo da superficie forestal galega.

O fomento deste tipo de produción gandeira é estratéxica para o medio rural galego tanto pola xeración de riqueza que representa o aproveitamento *in situ* e sustentable de recursos naturais polas greas, como pola súa incidencia no control da acumulación de biomasa piroxénica nos montes e, polo tanto, contribución á diminución da probabilidade e gravidade dos incendios forestais. Neste terreo, esta orde pretende fomentar actuacións encamiñadas a compatibilizar a cría de équidos cos aproveitamentos forestais e outros aproveitamentos do monte mediante o desenvolvemento de programas de cría que apliquen criterios zootécnicos, fomentar a organización dos produtores equinos en asociacións que establezan acordos de aproveitamento de pastos coas CMVMC; e por outra, fomentar actividades de asistencia técnica, e mellorar a comercialización dos produtos:

Por outra banda, en consonancia coas novas directrices da última reforma da política agraria común, o fomento da produción gandeira débese orientar noutros ámbitos empresariais cara ás demandas sociais do mercado; desde o turismo rural, con crecente importancia de xeito continuado, ata as actividades terapéuticas, como é o emprego do gando equino na adaptación de persoas con minusvalidez, e sen esquecer todas as actividades deportivas relacionadas con este tipo de animais (carreiras, concursos de saltos, etc.), todas elas, ao fin e o cabo, xeradoras dunha riqueza económica e social que se considera adecuado fomentar desde os poderes públicos.

Estas axudas axústanse ao disposto, no caso de axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias, ao Regulamento (CE) Nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 70/2001; no caso das axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias, ao establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*, e para as axudas á formación, no Regulamento (CE) nº 363/2004 da Comisión, do 25 de febreiro de 2004, polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación e á modificación.

O Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, modificado polo Real decreto 1581/2006, do 22 de decembro, que establece as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino, establece que as comunidades autónomas son as encargadas da xestión das subvencións que nel se recollen, polo que se fai preciso o desenvolvemento dunha normativa galega para a xestión destas axudas. As empresas agrarias equinas definidas neste real decreto reciben tradicionalmente en Galicia a denominación de explotacións agrarias equinas, atopándose definidas como tales explotacións agrarias na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confire a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 2/2007, do 28 de marzo, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto da orde.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de axudas da Consellería do Medio Rural, en concorrencia competitiva, para o fomento e desenvolvemento do sector equino na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Estas bases publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

3. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas axudas para o ano 2008.

Artigo 2º.-*Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no Regulamento (CE) nº 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado

CE ás axudas de formación; no Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos agrarios, e na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Agrupación de produtores equinos: as entidades con personalidade xurídica propia, baixo calquera forma asociativa válida de acordo co ordenamento xurídico, que nos seus estatutos de constitución teñan entre os seus obxectivos a produción e crianza de gando equino.

b) Empresa agraria equina: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria coa especie equina, primordialmente con fins de mercado e que constitúe en si mesma unha unidade técnico económica.

c) Explotación agraria equina: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria coa especie equina, primordialmente con fins de mercado, e constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica.

d) Équidos: os cabalos, asnos e os seus cruzamentos.

e) Primeira instalación: o inicio da actividade gandeira por primeira vez con équidos ou a reorientación da produción con cambio de especie cara á produción equina.

f) Titular de explotación ou empresa agraria equina: a persoa física ou xurídica que exerce a actividade agraria coa especie equina, que organiza os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asume os riscos e a responsabilidade civil, social e fiscal que pode derivar da xestión da explotación.

g) Unidade de traballo: o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade en cuestión.

h) Agricultor profesional: se entenderá por profesional da agricultura a persoa física titular dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal, que requira un volume de emprego de polo menos unha unidade de traballo anual e que obteña polo menos o 25% da súa renda de actividades agrarias.

i) Agricultor mozo: a persoa que teña cumpridos os dezaioito anos e non teña cumpridos corenta anos e exerza ou pretenda exercer a actividade agraria.

j) Silvopastoreo: o uso de terreos forestais, pastos, pastos arbustivos ou pasto con arboredo con fins gandeiros mediante aproveitamento extensivo dos seus recursos.

k) Zonas desfavorecidas: relación de concellos de Galicia afectados pola consideración de zonas desfa-

vorecidas de acordo co disposto no Regulamento (CE) nº 1257/1999 do Consello sobre a axuda ao desenvolvemento rural.

Artigo 3º.-*Beneficiarios e requisitos.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

1. As pequenas e medianas empresas agrarias que reúnan os seguintes requisitos, en función da liña de axuda:

a) As entidades asociativas ou as súas agrupacións, as agrupacións de produtores da especie equina, as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) cun plan de aproveitamento de pastos que inclúa a especie equina e as agrupacións de defensa sanitaria recoñecidas, de acordo co establecido no Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras.

b) Os titulares de explotacións ou empresas agrarias equinas dedicadas á produción e crianza de équidos.

c) As pequenas e medianas empresas agrarias equinas ou as súas asociacións legalmente recoñecidas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo, sobre as que recaía a carga financeira dos investimentos e gastos que se consideren subvencionables, que leven a cabo a actividade para a que se outorga a axuda e que manteñan a devandita actividade durante un período non inferior a cinco anos, contados a partir do momento en que se iniciase.

2. As pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que ofrezan servizos a terceiros coa participación de équidos.

b) En particular os centros de aluguer ou pupilaxe de animais da especie equina, centros de ocio en que se leven a cabo actividades ecuestres, empresas de turismo rural, centros de ensino públicos ou privados, centros deportivos ecuestres que desenvolvan a súa actividade no ámbito rural, así como fundacións, empresas e as súas asociacións, sempre que o seu obxecto sexan actividades económicas relacionadas co emprego de équidos.

O obxectivo, as actividades subvencionables e a contía máxima total ou intensidade bruta destas axudas, serán os regulados nos artigos 4º, 5º, 6º e 7º, respectivamente.

Artigo 4º.-*Axudas ás CMVMC, asociacións e agrupacións de produtores de équidos.*

1. O obxectivo desta axuda é, por unha banda, promover a constitución de entidades de carácter asociativo legalmente recoñecidas relacionadas co sector equino, que permitan fomentar actuacións encamiñadas a compatibilizar a cría de équidos cos aproveitamentos integrais do monte. Buscase así a ordenación e regulación do pastoreo, o incremento

da rendibilidade das explotacións, mediante o desenvolvemento de programas de cría que apliquen criterios zootécnicos e fomentar a organización dos produtores equinos en asociacións que establezan acordos de aproveitamento de pastos coas CMVMC.

Por outra banda, fomentar actividades de asistencia técnica, e mellorar a comercialización dos produtos.

2. As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Asistencia técnica ás entidades asociativas e agrupacións de produtores de équidos, que se constitúan ou que amplíen significativamente as súas actividades.

b) Implantación de programas de calidade voluntarios ou de sistemas de produción diferenciada, denominacións de calidade e produción ecolóxica.

c) Implantación de programas de manexo zootécnico e sanitario nas explotacións equinas aprobadas pola autoridade competente que abranguen aspectos relacionados coa mellora da calidade, sanidade, e rastrexabilidade das producións equinas.

d) Implantación de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito da cría equina de produción de carne (ceba en común, centros de normalización, tipificación de canais, etc.)

e) Realización de cursos de formación en produción equina relacionados coa produción e crianza de équidos a nivel de explotación.

f) Realización e asistencia a certames, feiras ou exposicións que teñan como finalidade o fomento e a promoción do equino e os seus produtos e servizos, sempre que non estean incluídos no ámbito de aplicación da orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 17 de marzo de 1988, pola que se actualizan e regulan os certames gandeiros de raza pura, de carácter nacional e internacional, e se fixan as axudas á participación nestes.

g) Campañas para a promoción e difusión do consumo de carne de cabalo e das súas calidades nutricionais.

h) Aplicación de servizos en común e dos seguintes investimentos en común:

A construción, adquisición e mellora de bens inmobles para a súa adaptación á crianza e estabulación de équidos, incluíndo o acondicionamento de parcelas para o desenvolvemento da actividade gandeira coa especie equina e os investimentos na aplicación de sistemas de control individual dos animais explotados nos sistemas extensivos, a construción e rehabilitación de valados e cercados gandeiros circundantes, a construción de recintos de manexo, mangas de contención, refuxios, etc.

No caso de construción, adquisición e mellora de bens inmobles o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, non poderá ser inferior a dez anos en caso de bens inscribibles nun rexistro

público, nin a dous anos para o resto de bens. No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

i) Aluguer de locais axeitados e adquisición de material, incluídos ordenadores, para a aplicación dos programas, no caso de asociacións ou agrupacións que se constitúan ou amplíen significativamente as súas actividades.

3. Poderán ser beneficiarios das axudas os definidos no artigo 3.1º a), que cumpran as seguintes condicións:

a) Acreditar a súa viabilidade económica, e estar ao día nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan, conforme á normativa vixente, así como cumprir o conxunto de requisitos necesarios establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xunto coa acreditación/certificación de non ter débedas coa comunidade autónoma.

b) Todas as explotacións propiedade dos integrantes da asociación ou agrupación e/ou as englobadas polo plan de ordenación e aproveitamento de pastos, aprobado pola CMVMC beneficiaria de axudas, deben cumprir cos requisitos establecidos no artigo 5.3º, agás no tocante á viabilidade económica e estar ao día das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, que deberán ser acreditadas pola entidade beneficiaria da axuda.

c) Os programas aprobados débense aplicar a todas as explotacións pertencentes á asociación.

d) Os programas deben ser supervisados por un técnico con titulación de grao medio ou superior e, no caso dos programas sanitarios, por un veterinario.

e) No caso de que as axudas solicitadas estean destinadas a mellorar a comercialización da produción, polo menos, o 50% desta debe ser comercializada pola entidade asociativa beneficiaria. Esta produción comercializada debe proceder como mínimo do 50% das explotacións integradas na entidade asociativa.

f) Que só agrupen a produtores.

g) No caso do punto 2 d) deste artigo, deberán cumprir os requisitos nos números 4º e 5º do artigo 14 do Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

h) Non se poderán conceder subvencións despois do sétimo ano do recoñecemento ou constitución da asociación ou agrupación de produtores.

4. A contía máxima total da axuda por asociación non poderá superar os 100.000 euros e deberán respectarse, ademais, as seguintes condicións:

a) No caso do punto 2 d) e 2 f), o límite máximo será do 50% dos custos subvencionables. En todo

caso, o límite de 100.000 euros por beneficiario virá referido a un máximo de tres anos consecutivos.

b) No caso do punto 2 e), atenderase ao disposto no artigo 4 do Regulamento (CE) nº 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001.

c) No caso do punto 2 g), o límite máximo será do 50% do custo de cada campaña.

d) No caso do punto 2 h), o límite máximo será o 40% dos investimentos subvencionables, e do 50% nas zonas desfavorecidas.

e) No caso do punto 2 i), estas axudas serán temporais e decrecentes e non poderán superar o 100% dos custos subvencionables correspondentes ao primeiro ano, cunha redución anual de 20 puntos porcentuais, ata un máximo de cinco anos.

Artigo 5º.-Axudas aos titulares de explotacións ou empresas agrarias equinas dedicadas á produción e crianza de équidos para a realización de investimentos.

1. O obxectivo desta axuda é optimizar os custos de produción, mellorar e reorientar a produción, aumentar a calidade, protexer e mellorar o contorno natural, as condicións hixiénicas e as normas de benestar animal e fomentar a diversificación das actividades gandeiras coa especie equina.

2. As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) A construción, adquisición e mellora de bens inmobles para a súa adaptación á crianza e estabulación de équidos, incluíndo o acondicionamento de parcelas para o desenvolvemento da actividade gandeira coa especie equina e a construción e rehabilitación de valados e cercados circundantes, a construción de recintos de manexo, mangas de contención, refuxios, etc.

No caso de construción, adquisición e mellora de bens inmobles o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, non poderá ser inferior a dez anos en caso de bens inscrites nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens. No caso de bens inscrites nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

b) A primeira adquisición de animais da especie equina no caso da primeira instalación como explotación equina, incluíndo os reprodutores rexistrados en libros xenealóxicos ou equivalentes.

c) A compra ou arrendamento con opción de compra de nova maquinaria e equipamentos, incluídos os ordenadores destinados á actividade gandeira equina no suposto de primeira instalación como explotación equina.

d) Os custos xerais, como honorarios de técnicos e estudos de viabilidade para a primeira instalación da explotación equina.

e) Investimentos destinados ao cumprimento de normas mínimas de recente introdución en materia de ambiente, hixiene e benestar animal relacionadas coa especie equina, conforme o previsto no artigo 4 do Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006. Entendendo de recente introdución as que entrasen en vigor no prazo máximo dun ano anterior á data de solicitude da axuda.

3. Poderán ser beneficiarios das axudas os definidos no artigo 3.1º b), que cumpran as seguintes condicións:

a) Estaren inscritas no Rexistro de Explotacións Gandeiras conforme o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, como explotación de reprodución e produción, así como dispor do correspondente libro de explotación actualizado, que se estableza regulamentariamente para os équidos, e identificar os seus animais conforme a normativa vixente.

b) Acreditar a viabilidade económica da explotación ou empresa e estar ao día das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan, conforme a normativa vixente, así como cumprir o conxunto de requisitos necesarios establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xunto coa acreditación/certificación de non ter débedas coa comunidade autónoma.

c) Cumprir coas normas mínimas en materia de ambiente, en particular, as relacionadas coa xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, xerados na súa empresa.

d) Cumprir a normativa aplicable en materia de benestar animal e, en especial, o Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, e o Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte.

e) Aplicar os programas sanitarios que establezan as autoridades competentes e efectuar o rexistro dos tratamentos medicamentosos conforme o Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

4. A intensidade bruta da axuda non deberá superar:

a) 40% dos investimentos subvencionables e o 50% nas zonas desfavorecidas.

b) 45% dos investimentos subvencionables e o 55% en zonas desfavorecidas, no caso de investimentos feitos por agricultores mozos dentro dos cinco anos seguintes á súa instalación.

c) Se o investimento prevé custos suplementarios relacionados coa protección e a mellora do ambiente, a mellora das condicións hixiénicas das explotacións equinas ou co benestar animal, así como a aplicación de sistemas de control individual dos animais explotados nos sistemas extensivos necesarios para desenvolver as devanditas accións, estas porcentaxes do 40% e 50% previstos na alínea a) poderán aumentarse 20 e 25 puntos porcentuais, respectivamente. Neste caso, só poderán concederse para cumprir requisitos que superen os establecidos polas normas comunitarias, nacionais ou autonómicas ou para aquelas de recente promulgación, nos termos establecidos no artigo 4 do Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006 .

Artigo 6º.-Axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo.

1. O obxectivo desta axuda é facilitar a mellora e a racionalización da transformación e de comercialización da carne de cabalo, aumentar a súa competitividade e o seu valor engadido, mellorar a súa calidade e aplicar procedementos de rastrexabilidade ao longo de toda a cadea de produción.

2. As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Implantación de programas voluntarios de garantía de calidade e sistemas documentais para a etiquetaxe e a rastrexabilidade das producións, co fin de mellorar a calidade.

b) Compra ou arrendamento de maquinaria con opción de compra, equipamentos e ordenadores, para a aplicación dos programas e sistemas documentais sinalados no parágrafo anterior.

c) Estudo de mercado e viabilidade, deseño de produtos e pagamento de honorarios a asesores.

d) Cursos de formación no ámbito da produción, transformación e comercialización de carne de cabalo en relación coa aplicación de sistemas de garantía de calidade e sistemas APPCC (análise de perigos e de puntos de control crítico).

e) Celebración e asistencia a certames, feiras e exposicións que teñan como finalidade o fomento e a promoción de carne de cabalo.

3. Poderán ser beneficiarios das axudas os definidos no artigo 3º.1 c), que cumpran as seguintes condicións:

a) Acreditar a viabilidade económica da empresa e estar ao día das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan conforme a normativa vixente, así como cumprir o conxunto de requisitos necesarios establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xunto coa acreditación/certificación de non ter débedas coa comunidade autónoma.

b) Que os investimentos redunden en vantaxes para os produtores equinos a través de contratos agroalimentarios ou acordos de comercialización.

c) Acreditar a aplicación de sistemas de rastrexabilidade na produción, de control de puntos críticos en todo o proceso produtivo, así como fomentar, mediante compromisos por escrito, o cumprimento das normas en vigor sobre o ambiente, a hixiene e a sanidade, o rexistro e a identificación dos animais, os programas sanitarios aprobados pola autoridade competente e, se é o caso, o benestar animal e códigos de boas prácticas hixiénicas, nas explotacións vinculadas.

d) Para estes efectos, entenderase como explotacións vinculadas aquelas que teñan relación directa de carácter comercial coas empresas de transformación e comercialización beneficiarias das axudas descritas nesta orde.

e) Realizar unha correcta xestión dos subprodutos xerados durante o proceso produtivo.

4. A intensidade bruta da axuda non deberá superar:

a) 50% do investimento subvencionable.

b) No caso da actividade prevista no punto 2 d), atenderase o disposto no artigo 4 do Regulamento (CE) nº 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001.

Artigo 7º.-Axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións.

1. O obxectivo desta axuda é o fomento de actividades relacionadas con servizos a terceiros nos ámbitos do lecer, deportivos, sociais, culturais ou do turismo rural co emprego de équidos.

2. As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Adecuación e deseño das instalacións e aloxamento dos animais, zonas de recreo e rutas ecuestres para o desenvolvemento da actividade.

b) Primeira compra de animais e de arneses, selas e demais bens mobles de uso específico directamente relacionado coa práctica da actividade ecuestre, en empresas de turismo rural que desexen ofertar servizos a terceiros con équidos.

c) Realización de cursos de formación para profesionais, no ámbito ecuestre.

d) Desenvolvemento de actividades ecuestres no ámbito escolar ou con fins terapéuticos (hipoterapia).

e) Fomento da equitación de base nas escolas, fundacións e centros formativos, como actividade complementaria á educacional, cando se implante por primeira vez e no marco dun programa aprobado pola autoridade competente.

3. Poderán ser beneficiarios das axudas os definidos no artigo 3º.2., que cumpran as seguintes condicións:

a) Acreditar a súa viabilidade económica e estar ao día das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan conforme a normativa vixente, así

como cumprir o conxunto de requisitos necesarios establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xunto coa acreditación/certificación de non ter débedas coa comunidade autónoma.

b) Cumprir coas normas mínimas exixibles en materia de benestar animal, hixiene e ambiente.

c) Levar unha correcta xestión dos subprodutos xerados pola actividade que se desenvolve cos équidos.

d) Dispor de persoal responsable dos animais, con formación específica en gandaría equina ou acreditada nos dous anos posteriores.

e) Rexistrar a explotación e identificar todos os animais empregados na actividade, conforme a normativa vixente.

f) Contar cun programa sanitario para os équidos, supervisado por un veterinario.

4. En canto á contía de axuda:

a) As axudas á formación non poderán superar a contía prevista no artigo 5 do Regulamento (CE) nº 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001.

b) A axuda total *de minimis* concedida non será superior a 100.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso. O beneficiario será informado por escrito do importe da axuda (expresado en importe bruto de subvención) e sobre o seu carácter *de minimis*, facendo referencia ao Regulamento (CE)1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

Artigo 8º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. As solicitudes presentaranse nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

Á solicitude xuntaráselle a documentación que a continuación se relaciona, e que está en función da liña de axuda solicitada:

a) Axudas ás CMVMC, asociacións e agrupacións de produtores equinos (solicitude segundo o anexo I):

1º Acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante.

2º Estatutos da asociación ou agrupación.

3º Acreditación da representatividade do solicitante.

4º Fotocopia cotexada do código de identificación fiscal.

5º Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

6º Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a declaración que figura no anexo V.

7º Memoria das actividades que se pretenden levar a cabo, reflectindo os obxectivos, orzamento pormenorizado e prazo de execución. Esta memoria deberá estar visada por un técnico de grao medio ou superior e, no caso dos programas sanitarios, por un veterinario, acreditando a súa identidade.

8º Estudo de viabilidade ou documentos acreditativos da viabilidade económica da asociación ou agrupación.

9º Relación de integrantes da asociación ou agrupación, número de identificación fiscal destes, número do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) das súas explotacións.

10º Compromiso escrito dos socios de cumprimento nas súas explotacións dos requisitos enumerados no artigo 5º.3, alíneas c), d) e e), e de aplicar na súa explotación os programas aprobados, segundo modelo do anexo VII, que incluírá, de ser o caso, os datos acreditativos do aproveitamento de recursos en extensivo, mediante silvopastoreo, cunha carga gandeira menor ou igual a 1,4 UGM por hectárea, segundo se establece no anexo VI.

b) Axudas aos titulares de explotacións ou empresas agrarias equinas dedicadas á produción e crianza de équidos, para a realización de investimentos. (Solicitude segundo o anexo II):

1º Se procede, acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante. De ser o caso, mediante certificación de inscrición e vixencia, incluíndo o teor literal dos seus estatutos, emitido polo rexistro mercantil.

2º Acreditación da representatividade do solicitante, de ser o caso.

3º Fotocopia cotexada do código ou número de identificación fiscal, e número do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega).

4º Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

5º Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto, ou, se é o caso, encher, debidamente asinada, a declaración que figura no anexo V.

6º Memoria das actividades que se pretenden levar a cabo, reflectindo os obxectivos, orzamento pormenorizado e prazo de execución. Visada por un técnico de grao medio o superior, e no caso dos programas sanitarios por un veterinario, acreditando a súa identidade. Reflectirase claramente, cando estes estean previstos, os custos suplementarios relacionados coa protección e mellora do ambiente, coa mellora das condicións hixiénicas das explotacións ou co benestar animal, máis alá da normativa vixente, así como a aplicación de sistemas de control individual dos animais explotados nos sistemas extensivos necesarios para desenvolver as devanditas accións.

7º Estudo de viabilidade ou documentos acreditativos da viabilidade económica da empresa, segundo se establece no anexo VI para o cálculo da renda unitaria do traballo.

8º Documentación acreditativa de tratarse de primeira instalación como explotación ou empresa agraria equina, de ser o caso.

9º Acordos de comercialización existentes, de ser o caso.

10º Documentación acreditativa de tratarse dun agricultor profesional ou persoa xurídica titular de explotación con actividade principal agraria, segundo se establece no anexo VI, de ser o caso.

11º Documentación acreditativa de aproveitar recursos en extensivo, mediante silvopastoreo (cunha carga gandeira menor ou igual a 1,4 UGM por hectárea, segundo se establece no anexo VI) e do dereito ao uso desa superficie.

c) Axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo (solicitude segundo o anexo III):

1º Se procede, acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante. De ser o caso, mediante certificación de inscrición e vixencia, incluíndo o tenor literal dos seus estatutos, emitido polo rexistro mercantil.

2º Acreditación da representatividade do solicitante, de ser o caso.

3º Fotocopia cotexada do código ou número de identificación fiscal.

4º Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

5º Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto, ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a declaración que figura no anexo V.

6º Memoria das actividades que se pretenden levar a cabo, reflectindo os obxectivos, orzamento pormenorizado e prazo de execución, visada por un técnico de grao medio o superior, e no caso dos programas sanitarios, por un veterinario, acreditando a súa identidade.

7º Estudo de viabilidade ou documentos acreditativos da viabilidade económica da empresa ou asociación.

8º Relación de produtores equinos, explotacións vinculadas, número de identificación fiscal destes, número do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) e domicilio da explotación, cos que se teñan subscrito acordos agroalimentarios e de comercialización, xuntando copia dos respectivos contratos e do compromiso por escrito por parte deles de cumprimento das normas establecidas no artigo 6º.3 c).

9º Memoria descritiva do sistema de rastrea na produción, de análises de perigos e puntos de control críticos en todo o proceso produtivo, así como do protocolo para a xestión dos subprodutos xerados durante o proceso produtivo.

d) Axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións (solicitude segundo o anexo IV):

1º Se procede, acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante, mediante certificación de inscrición e vixencia, incluíndo o teor literal dos seus estatutos, emitido polo rexistro mercantil.

2º Acreditación da representatividade do solicitante, de ser o caso.

3º Fotocopia cotexada do código ou número de identificación fiscal, e número do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega).

4º Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

5º Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a declaración que figura no anexo V.

6º Memoria das actividades que se pretenden levar a cabo, reflectindo os obxectivos, orzamento pormenorizado e prazo de execución, visada por un técnico de grao medio o superior, e no caso dos programas sanitarios, por un veterinario, acreditando a súa identidade.

7º Estudo de viabilidade ou documentos acreditativos da viabilidade económica da empresa.

8º Documentación acreditativa de posuír a capacidade profesional suficiente, do persoal responsable dos animais segundo se establece no anexo VI, ou plan de formación que se levará a cabo.

9º Memoria do programa sanitario que se desenvolverá, visado e supervisado por un veterinario, facendo mención específica á xestión de subprodutos xerados na actividade que se leve a cabo cos équidos.

2. O prazo de presentación de solicitudes será duns meses contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o responsable para que no prazo de dez días hábiles, desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falla ou presente os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixer, se lle terá por desistido da súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

4. A Consellería do Medio Rural poderá solicitar dos peticionarios toda a información e xustificacións técnicas e económicas que considere necesarias co obxecto de comprobar a realización das actuacións subvencionables e os custos derivados.

5. A acreditación dos requisitos documentais exixidos levarase a cabo segundo se establece no anexo VI.

Artigo 9º.-Autorización.

A presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado implicará a autorización á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos rele-

vantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Porén, quedan exentas de presentar os xustificantes do cumprimento das obrigas a que fai referencia o artigo 45 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Artigo 10º.-Criterios de valoración.

1. Na concesión das subvencións previstas nesta orde, cando as solicitudes excedan do crédito orzamentario consignado para o efecto, terán prioridade as solicitudes das axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias, e entre estas, e por esta orde, as previstas nas alíneas a), b) e c) do 3º, que se ordenarán de acordo co seguinte criterio:

1º Axudas ás CMVMC con plan de aproveitamento de pastos que inclúa a especie equina e as asociacións e agrupacións de produtores de équidos que teñan establecido acordos de aproveitamento dos pastos coas CMVMC, seguindo os seguintes criterios de prelación:

a) Que apliquen un programa de ordenación do aproveitamento dos pastos que recolla un sistema complementario de identificación dos animais, ata 10 puntos.

b) Número de équidos, ata 6 puntos.

c) Número de socios, ata 3 puntos.

d) Grao de integración das fases do proceso produtivo e de comercialización ou emprego hípico ou deportivo, ata 10 puntos.

e) Aproveitamento de recursos en extensivo, mediante silvopastoreo, cunha carga gandeira menor ou igual a 1,4 UGM por hectárea, por parte dos seus asociados, ata 15 puntos.

2º Axudas aos titulares de explotacións ou empresas agrarias equinas dedicadas á produción e crianza de équidos, para a realización de investimentos. De entre as anteriores, a orde de prioridade establecerase seguindo os seguintes criterios de prelación:

a) Explotación en zona desfavorecida, ata 10 puntos.

b) Agricultor mozo titular da empresa agraria equina, ata 5 puntos.

c) Aproveitamento de recursos en extensivo, mediante silvopastoreo, cunha carga gandeira menor ou igual a 1,4 UGM por hectárea, ata 15 puntos.

d) Existencia de acordos de comercialización, ata 5 puntos.

e) Tratarse de agricultores profesionais, ata 5 puntos.

f) Número de équidos, ata 5 puntos.

3º Investimentos en pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo, seguindo os seguintes criterios de prelación:

a) Número de explotacións vinculadas agrupadas en asociacións de produtores de équidos que esta-

blezan acordos de aproveitamento dos pastos coas CMVMC onde se asenten as explotacións, ou que teñan como base territorial superficie de CMVMN, que apliquen un programa de ordenación do aproveitamento dos pastos e a identificación complementaria do gando, ata 10 puntos.

b) Zonas desfavorecidas, ata 10 puntos.

c) Empregos xerados a tempo completo, ata 10 puntos.

d) Empregos xerados a tempo parcial, ata 5 puntos.

2. Nas subvencións ás pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións, a orde de prioridade establecerase seguindo os seguintes criterios de prelación:

a) Zonas desfavorecidas, ata 10 puntos.

b) Empregos xerados a tempo completo, ata 10 puntos.

c) Empregos xerados a tempo parcial, ata 5 puntos.

d) Utilizar exemplares de cabalo de pura raza galega (PRG), ata 5 puntos.

e) Interese social da actividade, ata 10 puntos.

f) Número de équidos, ata 5 puntos.

3. O control da execución dos programas levarao a cabo a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Artigo 11º.-*Tramitación e resolución.*

1. O órgano competente para a instrución e tramitación do procedemento é a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. A resolución do expediente correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural, a proposta do director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

2. A baremación das solicitudes, segundo os criterios do artigo 10º, efectuarase por un órgano colexiado constituído para o efecto, formado por: presidente, o subdirector/a xeral de Gandaría; vogal o/a xefe/a do Servizo de Planificación Gandeira, e secretario, o/a xefe/a do Servizo de Producións Gandeiras, que emitirá o informe correspondente. Á vista deste informe o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria elevará proposta de resolución ao conselleiro do Medio Rural.

3. O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será dun máximo de nove meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, a aprobación da solicitude. A falta de notificación no dito prazo poderase entender desestimatoria das peticións de axuda.

4. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación.

Artigo 12º.-*Seguimento e control da concorrencia e acumulación de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, e contía das axudas.*

1. Xunto coa solicitude inicial, os peticionarios das axudas presentarán unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas ou o anexo V debidamente cuberto.

2. En calquera caso, coas xustificación e se houberse modificación da declaración anterior, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

3. As subvencións previstas nesta orde serán compatibles con calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

4. Porén, a obtención concorrente de axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das subvencións percibidas por cada beneficiario supere o custo de toda a actividade que se vaia desenvolver para o período de que se trate, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas nesta orde, ata axustarse a ese límite.

Se aínda así a suma de subvencións supón unha intensidade da axuda superior aos máximos establecidos nesta orde ou na normativa estatal ou comunitaria aplicable, reducirase ata o citado límite.

5. Sen prexuízo do previsto nos artigos 4º, 5º e 6º, en todo caso, as axudas a pequenas e medianas empresas agrarias non poderán superar as contías previstas no artigo 4 do Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

Artigo 13º.-*Control da execución dos programas.*

O control da execución dos programas levarao a cabo a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, realizando as comprobacións e inspeccións que considere necesarias, co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o seguimento e control das axudas concedidas. Tamén facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello

de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 14º.-Modificación das axudas.

1. As subvencións a que se refire a presente orde consideraranse subvencións máximas e poderán ser reducidas, por proposta da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, cando exista concorrencia doutras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 15º.-Reintegro da axuda e obriga de facilitar información.

1. O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida xunto cos xuros de demora xerados desde o seu pagamento nos supostos de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e nos casos establecidos no artigo 33 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como as que lle solicite calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 16º.-Prazo de realización das actuacións e xustificacións.

1. O prazo de realización das actividades comezará desde a presentación das solicitudes e rematará o 14 de novembro de 2008 ou o 14 de novembro de 2009, neste segundo caso as actividades obxecto de subvención deberán ter unha execución mínima (investimento xustificado e pagado) na anualidade 2008 do 60% do total.

2. As xustificacións técnicas e económicas da realización do programa deberán presentarse como máximo o 14 de novembro de cada exercicio, no rexistro da consellería, das súas delegacións provinciais ou nas oficinas agrarias comarcais. Así mesmo, poderanse presentar nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou a algunha das entida-

des que integran a Administración local, se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, o por calquera outro medio previsto no 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Achegaranse os xustificantes orixinais de investimento total e xustificación da súa transferencia bancaria, unha relación informatizada destes e unha memoria explicativa sobre a realización do programa auxiliado, que probe a entrega efectiva dos produtos ou a prestación efectiva dos servizos. Para cada concepto, presentarase unha táboa comparativa entre os gastos realizados, debidamente xustificadas, e os presentados no orzamento inicial.

4. Cando se trate de xustificacións de gastos en nóminas de persoal contratado polas entidades solicitantes para desenvolver as actuacións subvencionables poderanse presentar ata o 15 de decembro, mediante a súa entrega á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

5. A relación informatizada debe constar dos seguintes campos:

a) No caso das facturas: concepto, provedor, número de factura, data de emisión e data de pagamento, base imponible, importe correspondente ao IVE e importe total con IVE.

b) No caso das nóminas: traballador, período, total xerado, base da Seguridade Social, contía da Seguridade Social correspondente á empresa, contía da Seguridade Social correspondente ao traballador e líquido a percibir.

6. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado, de xeito que aqueles gastos presentados nos cales non se xustifique o seu pagamento mediante a súa transferencia bancaria teranse que xustificar do mesmo xeito no momento en que se realicen, para que a axuda se poida pagar. Por regra xeral, os pagamentos realizados polo beneficiario final deberán xustificarse mediante facturas orixinais pagadas. Nos casos en que isto non sexa posible, os pagamentos xustificaranse por medio de documentos contables de valor probatorio equivalente.

7. As xustificacións técnicas dos programas previstos no artigo 6º terán que ser visadas por un técnico con titulación de grao medio ou superior e, no caso dos programas sanitarios, por un veterinario, que certifique ter supervisado o desenvolvemento dos programas. No caso de que as axudas solicitadas estean destinadas a mellorar a comercialización da produción, deberá xustificarse que, polo menos, o 50 por cento desta, que pola súa vez proceda, como mínimo, do 50 por cento das explotacións integradas na entidade asociativa, teña sido comercializada pola entidade asociativa beneficiaria.

9. O pagamento da subvención realizarase logo de xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxecto ou adopción do com-

portamento para o que se concedeu nos termos establecidos na presente orde.

10. De acordo co artigo 28.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

11. De acordo co artigo 29.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a presentación do servizo ou á entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

12. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

13. Conforme o disposto no capítulo III das directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01), non poderán subvencionarse actividades levadas a cabo con anterioridade á aceptación expresa e vinculante para a autoridade competente da solicitude da axuda presentada.

Artigo 17º.-Financiamento.

1. As axudas que deriven da aplicación desta orde proceden dos orzamentos xerais do Estado, e financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

-Ano 2008:	11.03.713_C 771.2	47.475,72 euros
	11.03.713_C 771.3	120.200,00 euros
	11.03.713_C 770.4	61.561,00 euros
-Ano 2009:	11.03.713_C 771.2	104.533,00 euros
	11.03.713_C 770.4	48.291,00 euros

A concesión da axuda someterase á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

2. Así mesmo, os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia con que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segunda.-As axudas reguladas por esta orde, rexeiranse polas normas comunitarias aplicables e concretamente, no caso das axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias, o Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos agrarios; no caso das axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias, ao establecido no Regulamento (CE) nº 69/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE as axudas *de minimis*, e para as axudas á formación, no Regulamento (CE) nº 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación, e o Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, modificado polo Real decreto 1581/2006, do 22 de decembro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais ao sector equino.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



ANEXO I



MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

PROCEDEMENTO AXUDAS ÁS CMVMC, ASOCIACIÓNS E AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES DE ÉQUIDOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR538A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF	
[]		[]	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
[]		[]	[]
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
[]	[]	[]	[]

E na súa representación:

APELIDOS		NOME	NIF
[]		[]	[]
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
[]		[]	[]
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
[]	[]	[]	[]

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]	[]	[]	[]
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		OFICINA	
[]		[]	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE.

CERTIFICADO DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO E ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN.

ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE.

FOTOCOPIA COTEXADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL E DO NÚMERO DE REXISTRO XERAL DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS (REGA).

CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA EN QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO, OU, SE É O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO V.

MEMORIA DAS ACTIVIDADES QUE SE PRETENDEN LEVAR A CABO, REFLECTINDO OS OBXECTIVOS, ORZAMENTO PORMENORIZADO E O PRAZO DE EXECUCIÓN, VISADA POR UN TÉCNICO DE GRAO MEDIO OU SUPERIOR, E NO CASO DOS PROGRAMAS SANITARIOS, POR UN VETERINARIO.

DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA VIABILIDADE ECONÓMICA DA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN, SEGUNDO SE ESTABECE NO ANEXO VI PARA O CÁLCULO DA RENDA UNITARIA DO TRABALLO.

RELACIÓN DE INTEGRANTES DA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN, NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL, Nº REGA DAS SÚAS EXPLOTACIÓNS.

POR ESCRITO COMPROMISO DOS SOCIOS DE CUMPRIMENTO NAS SÚAS EXPLOTACIÓNS DOS REQUISITOS ENUMERADOS NO ARTIGO 16.3, ALÍNEAS C), D) e E), E DE APLICAR NA SÚA EXPLOTACIÓN OS PROGRAMAS APROBADOS, SEGUNDO MODELO DO ANEXO VII, QUE INCLUIRÁ, DE SER O CASO, OS DATOS ACREDITATIVOS DE APROVEITAMENTO DE RECURSOS EN EXTENSIVO, MEDIANTE SILVOPASTOREO, CUNHA CARGA GANDEIRA MENOR OU IGUAL A 1,4 UGM POR HECTÁREA, SEGUNDO SE ESTABECE NO ANEXO VI.

O/A abaixo asinante, en representación da entidade solicitante, declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume a entidade, e cada membro dela, no desenvolvemento das actividades subvencionadas. Polo tanto, solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 13 de maio de 2008 da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas para o fomento e desenvolvemento do sector equino.

EXPÓN:

Que autoriza a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza á Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Orde do 13 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan no ano 2008.

-Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino.

-Real decreto 1581/2006, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	[]
REVISADO E CONFORME	[]

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

___/___/___

DATA DE EFECTOS

___/___/___

DATA DE SAÍDA

___/___/___



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II



**MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA
E ALIMENTACIÓN**

PROCEDIMENTO AXUDAS AOS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS OU EMPRESAS AGRARIAS EQUINAS DEDICADAS Á PRODUCCIÓN E CRÍA DE EQUIDOS PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR538B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF	
[]		[]	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
[]		[]	[]
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
[]	[]	[]	[]

E na súa representación:

APELIDOS		NOME	NIF
[]		[]	[]
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
[]		[]	[]
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
[]	[]	[]	[]

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]	[]	[]	[]
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		OFICINA	
[]		[]	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE SE PROCEDE, MEDIANTE CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN E VIXENCIA EMITIDA POLO REXISTRO CORRESPONDENTE.

ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE, SE PROCEDE.

FOTOCOPIA COTEXADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL E DO NÚMERO DE REXISTRO XERAL DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS (REGA).

CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA EN QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO, OU, DE SER O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO V.

MEMORIA DAS ACTIVIDADES QUE SE PRETENDEN LEVAR A CABO, REFLECTINDO OS OBXECTIVOS, ORZAMENTO PORMENORIZADO E O PRAZO DE EXECUCIÓN, VISADA POR UN TÉCNICO DE GRAO MEDIO OU SUPERIOR, E NO CASO DOS PROGRAMAS SANITARIOS, POR UN VETERINARIO, ACREDITANDO A SÚA IDENTIDADE. DÉBENSE INDICAR OS CUSTOS SUPLEMENTARIOS RELACIONADOS COA PROTECCIÓN E MELLORA DO AMBIENTE COA MELLORA DAS CONDICIÓNS HIXIÉNICAS DAS EXPLOTACIÓNS OU CO BENESTAR ANIMAL, ASÍ COMO A APLICACIÓN DE SISTEMAS DE CONTROL INDIVIDUAL DOS ANIMAIS EXPLOTADOS NOS SISTEMAS EXTENSIVOS NECESARIOS PARA DESENVOLVER AS ACCIÓNS MENCIONADAS.

DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA VIABILIDADE ECONÓMICA DA EXPLOTACIÓN OU EMPRESA AGRARIA, SEGUNDO SE ESTABECE NO ANEXO VI PARA O CÁLCULO DA RENDA UNITARIA DO TRABALLO.

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE TRATARSE DA PRIMEIRA INSTALACIÓN COMO EXPLOTACIÓN GANDEIRA EQUINA, DE SER O CASO.

ACORDOS DE COMERCIALIZACIÓN EXISTENTES, DE SER O CASO.

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE TRATARSE DUN AGRICULTOR PROFESIONAL OU PERSOA XURÍDICA TITULAR DE EXPLOTACIÓN CON ACTIVIDADE PRINCIPAL AGRARIA, SEGUNDO SE ESTABECE NO ANEXO VI.

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE APROVEITAR RECURSOS EN EXTENSIVO, MEDIANTE SILVOPASTOREO E O SEU DEREITO AO USO DESA SUPERFICIE.

O/A abaixo asinante, en representación da entidade solicitante, declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume a entidade, e cada un dos seus membros, no desenvolvemento das actividades subvencionadas e das normas mínimas autonómicas, estatais e comunitarias en materia sanitaria, de identificación, rexistro, alimentación, medicamentos, hixiene e benestar dos animais. Polo tanto, solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 13 de maio de 2008, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas para o fomento e desenvolvemento do sector equino.

EXPÓN: que autoriza a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE -Orde do 13 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan no ano 2008. -Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino. -Real decreto 1581/2006, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA Lugar e data _____, de _____ de 2008		

Conselleiro do Medio Rural



ANEXO III



MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

PROCEDEMENTO AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS AGRARIAS EQUINAS DEDICADAS Á TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE CARNE DE CABALO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR538C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE			CIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO		CONCELLO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		OFICINA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE SE PROCEDE, MEDIANTE CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN E VIXENCIA EMITIDA POLO REXISTRO MERCANTIL.

ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE, SE PROCEDE.

FOTOCOPIA COTEXADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL E DO NÚMERO DE REXISTRO XERAL DE EXPLOTACIÓN GANDEIRAS (REGA).

CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA EN QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO, OU, SE É O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO V.

MEMORIA DAS ACTIVIDADES QUE SE PRETENDEN LEVAR A CABO, REFLECTINDO OS OBTECTIVOS, ORZAMENTO PORMENORIZADO E O PRAZO DE EXECUCIÓN, VISADA POR UN TÉCNICO DE GRAO MEDIO OU SUPERIOR, E, NO CASO DOS PROGRAMAS SANITARIOS, POR UN VETERINARIO, ACREDITANDO A SÚA IDENTIDADE.

DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA VIABILIDADE ECONÓMICA DA EMPRESA DE COMERCIALIZACIÓN DE CARNE DE CABALO, SEGUNDO SE ESTABECE NO ANEXO VI PARA O CÁLCULO DA RENDA UNITARIA DO TRABALLO.

RELACIÓN DE PRODUTORES EQUINOS, EXPLOTACIÓNS VINCULADAS, NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DESTES E DOMICILIO DA EXPLOTACIÓN, COS QUE TEÑAN SUBSCRITO ACORDOS AGROALIMENTARIOS E DE COMERCIALIZACIÓN, XUNTAN COPIA DOS RESPECTIVOS CONTRATOS E DO COMPROMISO POR ESCRITO POR PARTE DESTES DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS EN VIGOR SOBRE AMBIENTE, HIXIENE, SANIDADE, REXISTRO E IDENTIFICACIÓN DE ANIMAIS, DOS PROGRAMAS SANITARIOS APROBADOS, E DOS CÓDIGOS DE BOAS PRÁCTICAS HIXIÉNICAS, NAS EXPLOTACIÓNS VINCULADAS.

MEMORIA DESCRIPTIVA DO SISTEMA DE RASTREXABILIDADE NA PRODUCCIÓN, DE ANÁLISE DE PERIGOS E PUNTOS DE CONTROL CRÍTICOS EN TODO O PROCESO PRODUTIVO, ASÍ COMO DO PROTOCOLO PARA A XESTIÓN DOS SUBPRODUTOS XERADOS DURANTE O PROCESO

O/A abaixo asinante, en representación da entidade solicitante, declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume a entidade, e cada un dos seus membros, no desenvolvemento das actividades subvencionadas. Polo tanto solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 13 de maio de 2008, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas para o fomento e desenvolvemento do sector equino.

EXPÓN:

Que autoriza a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvención, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE
-Orde do 13 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan no ano 2008.
-Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino.
-Real decreto 1581/2006, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de 200

Conselleiro do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
	DATA DE EFECTOS
	<input type="text"/>
	DATA DE SAÍDA
	<input type="text"/>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV



**MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA
E ALIMENTACIÓN**

PROCEDEMENTO AXUDAS ÁS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS NON AGRARIAS E A OUTRAS INSTITUCIÓNS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR538D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	TÉLFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E na súa representación:

APELIDOS		NOME	NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	TÉLFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		OFICINA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE SE PROCEDE, MEDIANTE CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN E VIXENCIA EMITIDA POLO REXISTRO MERCANTIL.

ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE, SE PROCEDE.

FOTOCOPIA COTEXADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL

CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA EN QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO, OU, SE É O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO V.

MEMORIA DAS ACTIVIDADES QUE SE PRETENDEN LEVAR A CABO, REFLECTINDO OS OBXECTIVOS, ORZAMENTO PORMENORIZADO E O PRAZO DE EXECUCIÓN, VISADA POR UN TÉCNICO DE GRAO MEDIO OU SUPERIOR.

DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA VIABILIDADE ECONÓMICA DE EMPRESA NON AGRARIA E OUTRA INSTITUCIÓN, SEGUNDO SE ESTABECE NO ANEXO VI PARA O CÁLCULO DA RENDA UNITARIA DO TRABALLO.

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE POSUIR A CAPACIDADE PROFESIONAL SUFICIENTE, DO PERSOAL RESPONSABLE DOS ANIMAIS SEGUNDO SE ESTABECE NO ANEXO VI, OU PLAN DE FORMACIÓN QUE SE LEVARÁ A CABO.

MEMORIA DO PROGRAMA SANITARIO QUE SE DESENVOLVERÁ, VISADO E SUPERVISADO POR UN VETERINARIO, FACENDO MENCIÓN ESPECÍFICA Á XESTIÓN DE SUBPRODUTOS XERADOS NA ACTIVIDADE QUE SE LEVA A CABO COS ÉQUIDOS.

O/A abaixo asinante, en representación da entidade solicitante, declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume a entidade, e cada un dos seus membros, no desenvolvemento das actividades subvencionadas e das normas mínimas autonómicas, estatais e comunitarias en materia sanitaria, de identificación, rexistro, alimentación, medicamentos, hixiene e benestar dos animais. Polo tanto solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 13 de maio de 2008, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas para o fomento e desenvolvemento do sector equino.

EXPONE:

Que autoriza a Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, par a os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Orde do 13 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan no ano 2008.

-Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino.

-Real decreto 1581/2006, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1200/2005, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de 200

Conselleiro do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO V

DECLARACIÓN DE AXUDAS

D/Dna. , en nome propio ou en representación da entidade
 con DNI ou CIF da entidade e domicilio
social en .

DECLARO:

Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como que non existen outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

Lugar e data

, de de 200

Asdo.:

ANEXO VI

Condición de agricultor profesional:

1. A acreditación de que, polo menos, o 50% da súa renda a obteña das actividades agrarias ou outras complementarias das sinaladas no parágrafo 2 da alínea h), do artigo 2º desta orde.

Efectuaranse mediante fotocopia cotexada da declaración do IRPF do último exercicio do cal xa finalizase o prazo para a súa presentación en período voluntario, ou coa media das rendas fiscalmente declaradas como tales por el durante tres dos cinco últimos anos, incluíndo o último exercicio, exceptuando do cómputo incrementos e diminucións patrimoniais.

Para os ditos efectos, imputaráselle ao titular da explotación as seguintes rendas:

a) As da actividade agraria da explotación, para o que se considerará o rendemento neto previo, en caso de declaración en réxime de estimación obxectiva, e o rendemento neto máis as amortizacións do exercicio fiscalmente deducibles, no caso de declaración en réxime de estimación directa.

b) As procedentes doutras actividades empresariais ou profesionais, así como as orixinadas polo traballo desenvolvido fóra da explotación, incluídas as pensións e haberes pasivos que fiscalmente haxa obriga de declarar.

c) O 50% das producidas polo capital mobiliario e inmobiliario que teñan a consideración de ganancias, e do 100% das súas rendas privativas.

Non se terán en conta, para estes efectos, as declaracións complementarias presentadas despois da data de presentación da solicitude de axuda.

2. A acreditación da condición de dedicar máis do 50% do tempo de traballo total ás actividades agrarias e outras complementarias.

Poderá efectuarse do seguinte xeito:

a) No caso do réxime especial agrario da Seguridade Social, co informe de vida laboral emitido pola Tesouraría da Seguridade Social.

b) No caso do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, en función da súa actividade agraria ou outras, co informe de vida laboral e o documento de afiliación á Seguridade Social ou último pagamento do imposto de actividades económicas.

No caso de asalariados do réxime xeral, co correspondente documento de cotización á Seguridade Social.

Persoa xurídica titular da explotación con actividade principal agraria:

A xustificación de que a actividade principal é a agraria efectuarase coa presentación dos estatutos ou documentos de constitución, e a declaración do imposto de sociedades do último exercicio. Así mesmo, a procedencia agraria dos ingresos comprobarase en función das marxes brutas das orientacións produtivas e das actividades económicas da explotación.

Cálculo da renda unitaria de traballo:

Para os efectos do cálculo da renda unitaria de traballo (UT):

1. En relación coas unidades de traballo:

a) Cando o titular sexa persoa física, a achega de man de obra acreditarase, segundo os casos, do xeito seguinte:

-A man de obra familiar do titular, cotitular e familiares que estean afiliados á Seguridade Social, co informe de vida laboral de cada un deles.

-A man de obra familiar do titular da explotación, ata o segundo grao inclusive, por consanguinidade ou afinidade e, se é o caso, por adopción, que vivisen no seu fogar e estean ao seu cargo, que, estando ocupados na súa explotación, non teñan a obriga de afiliarse ao correspondente réxime de Seguridade Social, poderá estimarse ata un máximo de 0,5 unidades de traballo agrario polo primeiro traballador e 0,25 unidades por cada un dos restantes membros. Esta circunstancia acreditarase mediante declaración xurada do titular solicitante ou por calquera outra forma admitida en dereito, acompañada da copia do DNI de cada un dos familiares, dun informe de vida laboral e do correspondente xustificante de que a persoa ou persoas a que se refire a declara-

ción están ao seu cargo como beneficiarios na Seguridade Social e tamén na declaración do IRPF.

-A man de obra asalariada acreditarase documentalmente con base na cotización á Seguridade Social.

b) Cando o titular sexa persoa xurídica, computarase unicamente a man de obra achegada polos socios e asalariados non socios, acreditada mediante a correspondente cotización á Seguridade Social.

-Esta circunstancia xustificarase mediante documento de ingreso no Tesouro das retencións do IRPF practicadas aos asalariados, así como cos xustificantes de pagamento ou boletíns (TC1-TC2) dos tres últimos meses cotizados no réxime da Seguridade Social que corresponda, segundo a normativa que sexa de aplicación, dos socios e asalariados non socios que traballen na explotación.

2. En relación coa marxe neta da explotación:

-A marxe neta de explotación, entendida como a diferenza entre os ingresos derivados do conxunto das actividades produtivas, incluídas as subvencións e todos os gastos fixos e variables, agás os atribuídos á retribución dos capitais propios e da man de obra familiar, poderá determinarse en función do resultado de restar os gastos fixos contabilizados ou, no seu defecto, estimados, non imputados nas marxes brutas, agás os atribuídos á retribución dos capitais propios e do traballo familiar, da suma das marxes brutas estándar das actividades produtivas da explotación, moduladas con criterios técnico-económicos que teñan en conta a dimensión, a orientación técnico-económica e o sistema de produción da explotación.

Aproveitamento de recursos en extensivo:

Acreditarase mediante a consignación do código SIXPAC das parcelas empregadas, e declaración do solicitante, visada polo propietario das parcelas, da porcentaxe de équidos da súa explotación en cada unha das parcelas e número total de UGM nelas.

Enténdese como silvopastoreo para os efectos desta orde, o uso de terreos forestais, pastos, pastos arbustivos ou pasto con arboredo con fins gandeiros mediante aproveitamento extensivo dos seus recursos.

Os valores de UGM de cada especie animal tidos en conta para os cálculos nestas axudas serán os establecidos regulamentariamente, os publicados oficialmente (Decreto 91/2001, do 19 de abril, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras en Galicia, publicado no DOG do 8 de maio) ou os resultantes de aplicar unha equivalencia.

ANEXO VII

D/Dña. con NIF
 e domicilio en , concello de
 Teléfono: Correo electrónico:
Socio da entidade:

DECLARO E COMPROMÉTOME A:

- Ter a/s explotación/s equina/s inscrita/s no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras conforme o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, como explotación de reprodución e produción, así como dispoñer do correspondente libro de explotación actualizado que se estableza regulamentariamente para os équidos e identificar os seus animais conforme a normativa vixente. Co código Rega de explotación/s:
- Cumprir coas normas mínimas en materia de ambiente, en particular, as relacionadas coa xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, xerados na súa empresa.
- Cumprir coa normativa aplicable en materia de benestar animal, e, en especial, os reais decretos 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras; 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, e 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte.
- Aplicar os programas sanitarios que se establezan polas autoridades competentes e efectuar o rexistro dos tratamentos medicamentosos conforme o Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e aos seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.
- Acreditar a capacidade e competencias profesionais adecuadas por parte do titular da explotación ou responsable dos animais.
- Aplicar na miña explotación os programas aprobados pola Consellería do Medio Rural á entidade previamente mencionada, na tramitación da Orde do 18 de xullo de 2006 pola que se regula a concesión das axudas destinadas ao sector equino na Comunidade Autónoma de Galicia.

Lugar e data

, de de 200

Asdo.:

Así mesmo, DECLARO :

- Explotar en réxime extensivo, silvopastoreo, un (porcentaxe) dos équidos da miña explotación, nas parcelas con referencia SIXPAC:

Nas que o número total de UGM son: UGM equino e UGM doutras especies.

Lugar e data

, de de 200

Asdo. O/a solicitante:

Visado, o/a propietario/a das parcelas ou o seu representante